



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO MASTER UNIVERSITARIO EN SISTEMAS AÉREOS NON TRIPULADOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

DECLARA:

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, o instrumento convencional arriba referido, que estará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 30/12/2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para instrumentar unha subvención para a realización e desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Master Universitario en Sistemas aéreos non tripulados, no marco da Civil UAVs Initiative.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:





1. Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).
2. Que a Axencia Galega de Innovación está adscrita á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.
3. Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen a mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.
4. Que a Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 2º do apartado 2d) recoñece ás Universidades autonomía para a elaboración de plans de estudos e investigación; así mesmo, o artigo 39.3 establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de manifesto nos diferentes apartados do artigo 41 desa mesma Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a coordinación da investigación entre diversas Universidades e centros de investigación, así como a creación de centros ou estruturas mixtas entre as Universidades e outros organismos públicos e privados de investigación, e, no seu caso, empresas; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na





organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade investigadora, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o seu desenvolvemento.

5. O Master en Sistemas Aéreos non tripulados é un dos dous Masteres oficiais ofertados en España e é o único que inclúe formación básica de piloto de drones.

Este Master proporciona un título de alta especialización para estudantes universitarios con dúas vertentes, unha centrada na enxeñaría de sistemas aéreos non tripulados, que lidera a Universidade de Vigo, e outra centrada nas aplicacións dos sistemas aéreos non tripulados, que lidera a Universidade de Santiago de Compostela.

O Master Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados dotará ao alumnado dos coñecementos máis actuais en materiais avanzados utilizados en vehículos aeronáuticos, tamén no modelado dixital, análise estrutural e optimización de estruturas de aeronaves non tripuladas. Coñecerán ademais os principios xeomáticos, fotogramétricos e cartográficos, de navegación, interpretación e tratamento dixital de imaxes, así como das boas prácticas existentes na operación de sistemas aéreos non tripulados.

6. Que a Axencia Galega de Innovación ten interese en apoiar economicamente o desenvolvemento do citado Master coa finalidade de mellorar na comunidade autónoma galega a formación dos seus titulados en sistemas aéreos non tripulados, no marco da Civil UAVs Initiative.

7. Que como se pode deducir dos puntos anteriores, e en cumprimento do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os obxectivos que se perseguen con este convenio responden aos fins perseguidos por GAIN de fomentar a formación da innovación. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para esas accións, xa que se trata de actividades formativas de carácter singular promovidas pola USC e pola Uvigo.

8. Que os convenios de concesión directa de axudas están expresamente previstos, con carácter excepcional, no artigo 19.4 da *Ley 9/2007*, do 13 de xuño, de *subvenciones de Galicia* (LSG) segundo o cal estes convenios serán posibles sempre





que "(...) se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública".

Que á vista do anteriormente exposto quedan acreditadas as razóns de interese público, social e económico, e a converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

9. Que a Axencia Galega de Innovación contribuirá economicamente ao desenvolvemento do Master en Sistemas aéreos non tripulados, mediante unha subvención de catro mil euros (4.000,00 €) á Universidade de Santiago de Compostela, e dous mil euros (2.000,00 €) á Universidade de Vigo con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.561A.744.0 (código de proxecto 2015 00016).

10. Que os importes da subvención outorgada pola Axencia destinaranse a cubrir os gastos detallados na seguinte desagregación:

Universidade de Santiago de Compostela	
Adquisición ou aluguer de material de prácticas. Participación de profesorado externo e especialistas do sector mediante relatorios. Outros gastos.	3.478,-€
15% de gastos de xestión da USC	522,-€
TOTAL	4.000,-€
Universidade de Vigo	
Adquisición de material de prácticas	2.000,-€
TOTAL	2.000,-€

11. Que a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo obríganse á organización e realización do Master universitario en Sistemas Aéreos non tripulados. En xeral, as dúas universidades asumen os seguintes compromisos:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade





beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

- Declaración responsable de non estar incursas en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberán achegar unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Organizar e dirixir o Master, segundo os contidos e condicións que se inclúen na Memoria do título.
- Facer constar a colaboración da Axencia Galega de Innovación, mediante a súa indicación na páxina web e no material de difusión, constando o logotipo institucional da Xunta de Galicia en toda a documentación que se produza na preparación, organización e realización do Master, ou como consecuencia deles.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiarias ou entidades colaboradoras establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei





9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Comunicarlle á Axencia Galega de Innovación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas e con anterioridade á sinatura deste convenio, presentarán declaración de non ter percibido outras axudas polas actividades subvencionadas neste convenio.

12. Que, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da *Ley 14/2013*, do 26 de decembro, *de racionalización del sector público autonómico*, relativo á contratación sustentable, *"Los convenios suscritos por la Administración general de la Comunidad Autónoma y las entidades instrumentales del sector público autonómico podrán ser objeto de modificación cuando tengan como finalidad el logro de los objetivos de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Dichas modificaciones tendrán por objeto la reducción del volumen de las obligaciones o la ampliación de su plazo de ejecución"*.

13. Que o réxime de pagamentos previsto no convenio contempla un único pagamento, logo de que estas remitan a correspondente documentación conforme á cláusula sexta do convenio antes do 3 de novembro de 2023.

Os gastos financiáveis irán dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de outubro de 2023.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega de:

- Unha certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, acompañada dunha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades obxecto do convenio, coa identificación dos conceptos subvencionables, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e datas de pago.
- Memoria explicativa das actividades recollidas na cláusula sexta deste convenio:





- Organizar e dirixir o Master, segundo os contidos e condicións que se inclúen na Memoria do título.

- Facer constar a colaboración da Axencia Galega de Innovación, mediante a súa indicación na páxina web e no material de difusión, constando o logotipo institucional da Xunta de Galicia en toda a documentación que se produza na preparación, organización e realización do Master, ou como consecuencia deles.

Nesta memoria, deberán incorporarse todos os documentos e fotos necesarios para a xustificación da realización destas actividades.

- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

14. Que no caso de que para a realización das actividades obxecto do presente convenio se precise recorrer a contratación externa, esta deberá rexerse polo estipulado no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba el regulamento do citado texto legal.

15. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xustifícase na





AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

presente memoria o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, no lugar e data que se indica na marxe.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

